

# A semana da prensa na escola

**Autor:** Jesús Garrido

**Niveles:** todos

## INTRODUCCIÓN

Trátase de ofrecer un e-studio con diversas actividades para desenvolver a Semana da Prensa na Escola e que, ao mesmo tempo, sirva de reflexión sobre o que xa se fai co xornal na aula durante todo o curso e de estímulo para novas propostas.

## 1. NOTICIA

Imos considerar catro aspectos da mesma noticia: calendario, simulación previa, historia, días sen.

### A) Do 8 ao 12 de marzo do 2011 celébrase en Galicia a Semana da Prensa na Escola

**Calendario:** Así aparece no Calendario escolar da Consellería de Educación: «Do 8 ao 12 de marzo de 2011: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais».

### B) O día no que a BBC quedou muda

**Simulación:** Conectas o televisor e ves a imaxe de dous locutores, home e muller, que quedan cortados, sen saber que dicir. Están ante unha mesa con micrófono encendido, pero sen son; e con papeis, pero en branco. Non hai noticias; pero nin iso se atreven a comunicar. Que facer? Imaxinas un día así, sen noticias? Que farías? O título, en inglés: Podes velo en You Tube: «The day there was no news», en BBC news. Moi ben dramatizado.

<http://www.youtube.com/watch?v=9wHFlxW606o>

### C) Un traballo que vén de lonxe

**Historia:** Pola súa banda, o Programa Prensa-Escuela impulsou desde o inicio a implantación desta semana que se celebrou por vez primeira en Galicia do 17 ao 21 de abril de 1989.

### D) ¿Que sería dun día sen noticias?

**Día sen:** Para que isto non suceda e a estoica simulación británica non se converta nunca en realidade, imos alá cun e-studio que nos permita traballar varios días sobre aspectos da prensa e a súa influencia na actualización dos programas escolares para conectar mellor co que cada día sucede aí fora.

Coa colaboración de



PROGRAMA  
**PRENSA-ESCUELA**  
*La Voz de Galicia*

## 2. OBXECTIVOS

- Que alumnos e profesores sexan capaces de planificar xuntos diversas actividades significativas e eficaces para desenvolver na aula e no colexio durante os días da Semana da Prensa na Escola.
- Que sexan capaces de deseñar unha aplicación desas actividades ao desenvolvemento posterior do programa durante o curso.
- Que coñezan os recursos xa existentes no Programa Prensa-Escuela para poder organizar cada ano a Semana da Prensa.
- Que contribúan coa súa participación á difusión e á mellora dos plans anuais.

## 3. CONTIDOS

- Noticias sobre a Semana da Prensa na Escola e a súa repercusión no desenvolvemento do programa nas aulas.
- Obxectivos principais da Semana da Prensa na Escola.
- Proposta e desenvolvemento de actividades para a Semana.
- Metodoloxía para o encaixe de actividades durante a Semana e a súa aplicación futura ao programa curricular.
- Recursos para organizar a Semana da Prensa.

## 4. ACTIVIDADES

Propoñemos 10 ideas que poden levar a cabo na aula e estendelas a outros ámbitos paraescolares do colexio durante a Semana da Prensa.

### **Idea 1: Noticias por áreas curriculares**

Cada día da Semana da Prensa na Escola eliximos unha soa noticia dalgunhas das materias do currículo e que reciben distintos títulos nos diversos niveis de ensino: natureza, xeografía, historia, ciencias, matemáticas, arte, tecnoloxía, lingua, educación física, educación para a cidadanía. En total, pois, unha noticia cada día: hoxe noticia de arte, mañá de ciencias, pasado de lingua, segundo o que atopemos no xornal; pero intentando percorrer na semana as 7 áreas elixidas.

**Recursos:** Programa do currículo oficial: Buscar concretamente en que tema ou lección poden entrar as noticias elixidas.

### **Idea 2: Noticias e textos informativos**

Eliximos as diversas seccións habituais do xornal: Primeira páxina, A fondo, Galicia, España, Internacional, Economía, Sociedade, Cultura, Deportes, Pasatempos, TV, Última páxina. Aínda que, por suposto, non é necesario ser rigorosos na orde de elección desde a primeira páxina á última, recordamos o feito de que, ademais do estudo da noticia elixida, tamén poñamos aprender un pouco máis sobre o xornal e as súas diversas seccións ao longo desta semana especial. Terminando todo o traballo coa edición dun xornal escolar coas noticias elixidas.

**Recursos:** Explicación previa das seccións do periódico, significado e contido habitual e que sirva de modelo flexible de construción do voso periódico escolar. Consulta a Guía do Profesor B, O periódico (C9-18):

<http://www.prensaescuela.es/web/recursos/librosyguias.php>

### **Idea 3: Noticias e textos de opinión**

Á mantenta non fixemos mención na Idea 2 da sección de Opinión, xa que pode ser útil o plantexamento os días da semana para que todos nos poñamos a dicir algo sobre unha das noticias que eliximos. E podémolo facer dun xeito escrito. Para iso temos dúas opcións previas: uns poden ler un artigo de opinión sobre unha noticia importante de actualidade e ver como se manexa o boli coa letra. No canto de discutir verbalmente moito tempo sobre as noticias, ler cada día da semana algún artigo de opinión, e escribir o voso xuízo, no canto de utilizar a linguaxe verbal, cómpre facelo a través do voso escrito persoal.

**Recursos:** Busca na web <El análisis de los textos de opinión>.

<http://www.prensaescuela.es/web/lecciones/index.php?lecciones=98&campo=0>

### **Idea 4: Noticias e textos publicitarios**

Vimos, xa que logo, textos informativos e textos de opinión. Por que non dedicamos algún momento a decatarnos de como vai iso da publicidade? Buscamos anuncios publicitarios e analizámoslos. Cales che gustan máis? Pola imaxe, pola cor, polo estilo do texto, polo contido? Moitas veces non estamos conformes co que aparece nos noticias, non nos gusta. Que se podería facer para que as noticias

non fosen así? Como cambiar ás persoas para que fagan as cousas doutro xeito? Pois nos inventamos un anuncio publicitario: ¡Esa é a nosa idea do que deberían facer os protagonistas de noticias que non nos gustan!

**Recursos:** Páxinas de publicidade do periódico, na Guía do profesor B, nas páxinas C20-25.  
<http://www.prensaescuela.es/web/recursos/librosyguias.php>

### **Idea 5: Noticias interdisciplinares**

É algo máis complexo, por suposto, pero pode implicar a diversas seccións de diferentes grupos de clases: por exemplo, a todo o ensino secundario dun colexio. Ou, tal vez: a todo o bacharelato. Ou, nalgunha menor proporción, algún curso de primaria. Trátase de que diversos profesores dun ou varios niveis se poñan de acordo en elixir unha noticia que sirva para estudar e colaborar desde diversas áreas: Que achegaría a música, as matemáticas, a arte, as ciencias, a área de saúde, a literatura a unha noticia que aparece na sección de economía, por exemplo?

**Recursos:** Poñéñse de acordo os profesores, falan cos alumnos, repártense e coordinan ideas e durante uns días da semana preparan a Expo que se inaugura o último día e se colga nos corredores, distribuída en diversos murales. Guía do Profesor A: px A8.30.  
<http://www.prensaescuela.es/web/lecciones/index.php?lecciones=98&campo=0>

### **Idea 6: Noticias con infografía**

O seu obxectivo básico é informar mediante gráficos. Co tempo engadiuse o recurso de facelo ou non mediante o computador. O importante é que axuda a entender mellor a noticia, os pasos dun acontecemento, o aspecto ata humorístico que poden ter algunhas situacións, a síntese gráfica e ordenada dun proceso, un mapa xeográfico, unha viñeta, un mapa mental. En xeral, todas as noticias escritas son susceptibles dun resumo gráfico que destaque o máis importante ou o que levaría moito espazo o contalo con palabras. Por que non damos oportunidade esta semana da Prensa na Escola aos que dominan o debuxo e o trazo artístico a pór en imaxes o que lemos?

**Recursos:** En primeiro lugar, buscamos no periódico noticias que teñan gráfico e analizamos como o gráfico axuda a comprendelas mellor. Despois eliximos noticias e é o momento do noso traballo de artistas. Con expo final, claro.

### **Idea 7: A noticia do día**

Seguramente resulta fácil. Cada día da semana grande vaiche achegar por Internet unha noticia do día. Esa é a que imos traballar intensamente, léndoa, picando en personaxes, lugares, traballándoa e abrindo na lousa electrónica os enlaces que che proporciona, ademais das suxestións que poidan levar consigo as actividades propostas. Seguramente ata poden servirte de axuda para que os teus alumnos busquen outra noticia cada día e se logre na clase, ademais de decatarse dela, algún subliñado para os que, quen, onde, por que, cando e como que cada noticia do día pode levar consigo.

**Recursos:** [www.prensaescuela.es](http://www.prensaescuela.es) / Noticia do día, ás 9 horas cada día da semana.

### **Idea 8: e-studio de noticias**

Os profesores, no canto de elixir noticias frescas, que sempre están moi ben e rexuvenecen, poden alternar durante eses días co que podería chamarse Noticia a fondo e, na nosa linguaxe de prensa-escola, denominámolo e-studio de noticias. Telas para todas as materias e a súa lista podes atopala en dous sitios, cuxa referencia che poñemos a continuación.

**Recursos:** [www.prensaescuela.es](http://www.prensaescuela.es) / e a serie completa de e-studio de noticias. Ou tamén, na mesma dirección da web, a clasificación que se fai de e-studio de noticias nas páxinas 4-5 do suplemento La Voz de la Escuela do día 12 de xaneiro 2011.

### **Idea 9: Periódico e cidadanía**

Pode ser un amplo obxectivo para a Semana, xa que conta con diversos temas nos que cabe elección e repartición para todos. No ano 2009 publicáronse 10 e-studios sobre o tema: Non violencia, tolerancia, dereitos humanos, coñecemento científico, solidariedade, igualdade, saúde, información, medio ambiente, ser cidadán. Eliximos un deses temas e proporciónanos traballo, suxestións e recursos para a semana enteira, xa que cada e-studio desenvólvese en 4 unidades didácticas sobre a que poden traballar catro grupos diferentes.

**Recursos:** En <http://www.prensaescuela.es/web/lecciones/index.php>

### **Idea 10: Cine fórum: xornalistas de películas**

Outra idea pode ser instituír xornadas de cine para celebrar a Semana da Prensa, na que poidan participar, ademais de alumnos e profesores, tamén os pais, se é posible adecuar os horarios e días. Aí van, por exemplo, 10 películas: *Cidadán Kane*, *Todos os homes do presidente*, *O prezo da verdade*, *O show de Truman*, *Grita liberdade*, *Network: un mundo implacable*, *O informe pelícano*, *The paper: detrás da noticia*, *Boas noites e boa sorte*, *Quiz show: o dilema*, *A rede social*. Existen, por suposto, moitas máis e hai que elixir non só entre as tecnicamente boas senón tamén adecuadas para cada idade.

**Recursos:** Mera Fernández, M. *Periodistas de película*  
<http://es.scribd.com/doc/49181280/Periodistas-de-pelicula-La-imagen-de-la>

– Mis películas favoritas sobre periodismo (con tráiler de cada una)  
<http://www.imdb.com/list/T31ef3ns0as/>

– Paren las rotativas (diferente selección de películas, con tráiler)  
<http://locoxelcine.com/top-5/top-5-paren-las-rotativas-peliculas-de-periodistas/>

– Cine fórum. Cómo llevarlo <http://www.amnistiacatalunya.org/edu/pelis/cineforum.html>

## **5. METODOLOXÍA**

As 10 ideas propostas non son máis que un exemplo de cousas que se poden facer e, naturalmente, hai que preparar especialmente os recursos para que poidan saír ben, o cal é obvio e non fai falta insistir niso.

– Algunhas actividades suxeridas terminan sempre cunha posta en común e discusión verbal na que adoitan darse as opinións dos alumnos: Para iso podes pedir un exemplar da técnica, aplicable ás sesións de discusión e debate de ideas en grupo. Enviar gratuitamente por correo electrónico, se indicas o teu nome e dirección do colexio.

– Noutras actividades, ademais da investigación e desenvolvemento normal que leva consigo, adoita terminarse cunha exposición de traballos que completaría moi ben a tarefa realizada na Semana da Prensa.

## **6. RECURSOS**

### **6.1 Semana da Prensa na Escola**

Citamos en primeiro lugar as actividades que se realizan en Francia, Estados Unidos e Canadá con motivo da Semana da Prensa na Escola. E, a continuación, resumo dalgunha documentación publicada no Suplemento La Voz da Escuela desde 1989 e recursos permanentes da web Prensa-Escuela ([www.prensaescuela.es](http://www.prensaescuela.es)) para traballar co xornal nas aulas.

– **Francia** celebra desde 1983 a Semana da Prensa na Escola. Este ano 2011, do 21 ao 26 de marzo. Ten como lema <Quen dá a información?> Por iso a resposta vai tamén máis aló da prensa e agora se apunta todo o mundo dos medios: TV, redes sociais, vídeo, móbiles, sobre os cales se pode pedir información. Este ano encamiña tamén o seu programa a unha formación do sentido crítico que axude aos alumnos a ler, ver e escoitar mellor. Edita tamén un mapa interactivo dos equipos rexionais participantes, un banco de datos en fichas, radio, blogs e vídeos para traballar coa prensa na escola. A súa celebración chega a máis de 4 millóns de alumnos e 15.000 centros.

<http://www.clemi.org/fr/spme/>

– **Estados Unidos e Canadá** reúnen nas súas asociacións pola prensa na escola a máis de 2.000 xornais e as súas múltiples plataformas de comunicación que desenvolven os seus programas co xornal nas aulas. Para a súa Semana de Prensa na Escola, que se celebra este ano do 7 ao 11 de marzo, edita unha Guía para os profesores, en papel, e na web propón infinidade de actividades para o estudo das matemáticas, da arte, e da cidadanía coa axuda do xornal. No seu lema principal está a idea de «o poder dos xornais para proporcionar aos profesores un medio rápido, unha ferramenta flexible e múltiple para traballar na aula coas noticias».

<http://www.naafoundation.org/Curriculum/NIE/NIE-Week.aspx>

– **La Voz de la Escuela** dedicou as súas páxinas, ás veces na súa totalidade, á Semana da Prensa na Escola desde 1989. O apoio do suplemento, e na actualidade do Programa Prensa-Escuela, é total.

La Voz de la Escuela dedicoulle máis de 250 páxinas cunha ampla proposta de actividades e de información sobre como se celebran

xornadas similares en diversos países do mundo. Desde 1995 esas páxinas especiais pódense ver en pdf nos seus arquivos (consultar os meses de marzo de cada ano):

<http://www.prensaescuela.es/web/lavozenlaescuela/buscador.php>

## 6.2 Recursos complementarios

**Programa Prensa-Escuela.** [www.prensaescuela.es](http://www.prensaescuela.es)

– **Quen somos:** Unha sección institucional na que se presenta o proxecto e se facilitan enlaces aos piares en que se asenta: La Voz de Galicia, Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre e Obra Social de Novacaixagalicia.

<http://www.prensaescuela.es/web/home/home.php>

### A) Área de profesores

– Suplemento semanal **La Voz de la Escuela**, que se edita todos os mércores hábiles do curso escolar desde 1982.

<http://www.prensaescuela.es/web/lavozenlaescuela/ultimosenlaces.php>

– **Historia.** Unha experiencia pioneira na prensa española. Os seus primeiros pasos. Contidos e estratexias. Obxectivos pedagóxicos e didácticos. O por que e o como da prensa na escola.

[http://www.prensaescuela.es/web/lavozenlaescuela/ver\\_entidad.php?idseccion=8&identidad=16](http://www.prensaescuela.es/web/lavozenlaescuela/ver_entidad.php?idseccion=8&identidad=16)

– **Calendario do Mes.** Trátase dunha dobre páxina, especialmente ilustrada, que se edita co suplemento o último mércores de cada mes. Na casa de cada día recórdase en breves liñas un acontecemento, unha data, un invento ou un personaxe histórico que teña algo que ver con ese día. O Calendario é unha forma de manter vivo o pasado e estimular aos alumnos para que sexan axentes do futuro. Na web, día a día, amplíase a información de cada unha das efemérides do calendario.

Tal día como hoxe: <http://www.prensaescuela.es/web/enestedia/enestedia.php>

– **Concursos.** Todos os anos convócanse dous concursos, un dirixido aos profesores sobre “Experiencias didácticas co xornal no aula” e outro dirixido a alumnos de todos os niveis: “Mellor xornalista infantil e xuvenil do ano”.

Alumnos: <http://www.prensaescuela.es/web/concursos/verconcurso.php?id=42>

Profesores: <http://www.prensaescuela.es/web/concursos/verconcurso.php?id=39>

– **Guías do Profesor.** As Guías, presentes desde o primeiro número de La Voz da Escuela, constitúen unha das máis importantes estratexias para a introdución e desenvolvemento do xornal nas clases. As Guías proporcionan aos profesores materiais e recursos didácticos para que os alumnos entendan as noticias e as integren nas súas materias; analízase a estrutura do xornal e cada unha das súas seccións; trabállase sobre a importancia dos medios de comunicación e súxírense formas para a integración do xornal no currículo como reto e inserción dos alumnos na sociedade na que viven.

Guía do Profesor A: A noticia

<http://www.prensaescuela.es/imagenes//1%20GUIA%20A.pdf>

Guía do Profesor B y C: O xornal

<http://www.prensaescuela.es/imagenes//2%20GUIA%20B%20y%20C2.pdf>

Guía do Profesor D: Orientación educativa

<http://www.prensaescuela.es/imagenes//Indice%20introducc.pdf>

– **Reciclaxe de Profesores.** Para chegar a sistematizar o traballo que veñen realizando centenaes de profesores que usan o xornal nas súas aulas resulta imprescindible a oferta continuada dun plan de formación. As esixencias reais do currículo escolar, a falta de recursos en moitos casos, as bases interdisciplinares do traballo coa noticia en varias materias fixeron necesaria unha oferta abundante e puntual de cursos, seminarios, congresos e intercambio de experiencias.

<http://www.prensaescuela.es/web/cursos/cursos.php>

– **e-studio de noticias.** Un área dirixida a profesores onde se pode obter información sobre recursos para traballar co xornal na aula, enlaces a webs de interese pedagóxico e didáctico, modelo de leccións –denominados e-studios de noticias– que son exemplos directos de como traballar cunha noticia concreta nun área determinada. <http://www.prensaescuela.es/web/lecciones/index.php>

## B) Área de Alumnos

– **A noticia do día:** unha noticia seleccionada do periódico para traballar inmediatamente con ela na clase. Preséntase a noticia tal como aparece publicada en La Voz de Galicia e facilitanse enlaces directos aos personaxes, termos e lugares que aparecen na mesma. Propóñense diversas actividades.

<http://www.prensaescuela.es/web/noticiadia/noticiadeldia.php>

– **Tal día como hoxe.** Os feitos e noticias que recolle o Calendario nas páxinas centrais de La Voz de la Escuela o último mércores de cada mes son ampliados nesta sección para quen queira saber máis sobre o tema. Con frecuencia facilitanse enlaces a documentos únicos ou testemuños directos gráficos e literarios. A noticia renóvase cada día.

<http://www.prensaescuela.es/web/enestedia/enestedia.php>

– **Test semanal.** Cada luns pódese consultar un novo test no que se formulan cinco preguntas sobre o que ocorreu ao longo da semana anterior. Un divertido xogo para pulsar o interese dos escolares pola actualidade, reforzado con fotos, enlaces e información adicional.

<http://www.prensaescuela.es/web/quienesque/quienesque.php>

– **Pregunta a un científico.** Varios científicos responden diariamente ás curiosidades dos escolares. Pódense consultar tamén todas as preguntas e respostas publicadas desde o inicio da sección (unhas 800).

<http://www.prensaescuela.es/web/ciencia/ultimaspreguntas.php>

– **Pregunta a un periodista.** Xornalistas de La Voz responden a preguntas relacionadas co xornalismo, coa formación de xornalistas ou o desenvolvemento do seu traballo profesional, ou sobre o contido de noticias e artigos publicados no xornal.

<http://www.prensaescuela.es/web/preguntaperiodista/ultimaspreguntas.php>

– **Blogs.** E, finalmente, unha sección dedicada aos Blogs ou cadernos de bitácora. A sección de Blogs alcanza este ano a cuarta edición e conta xa con medio milleiro de bitácoras. En principio os obxectivos fundamentais eran dous: traballar con prensa en edición dixital e contribuír á introdución das TIC na aula por medio da formación do profesorado. Os máis de 5.500 usuarios actuais desbordan todas as previsións pola súa imaxinación, o seu oficio e o seu traballo diario.

Consulta imprescindible: <http://blogs.prensaescuela.es/blogmaestro/>